

A tía Natalia

A tía Natalia percorre o mundo co seu teatriño de monicreques. As súas marionetas son distintas das demais, porque as fabrica ela mesma. Segundo di, só necesita tea, madeira, cola, pintura, tesoiras e fío... Eu creo que precisa tamén moita paciencia!

A tía Natalia é unha auténtica experta. Cando ela move os fíos, parece que os monicreques están vivos de verdade. Camiñan e móvense con graza, corren e saltan coma os mellores atletas, bailan seguindo a música coma os bailaríns máis elegantes...

A última vez que nos visitou, fixo unha representación no comedor da casa. Eu estaba coa boca aberta, sen perder detalle, e gustoume tanto que aplaudín ata que me doeron as mans.

–Tía, eu tamén quero ser monicrequeiro! –dixen, colgándomelle do pescozo.

–E eu vouche ensinar, meu rei, cando sexas un pouco máis grande –prometeume ela.

Entrementres, practico cun monicreque pequeniño que me deixou de regalo. E non é nada doado... De momento, xa conseguín que non se enreden os fíos!



i Escribe diante de cada afirmación V (verdadero) ou F (falso).

- A tía Natalia é unha pallasa magnífica.
- A tía Natalia percorre o mundo cos seus monicreques.
- A tía Natalia merca os seus monicreques nunha tenda especial.
- Ao rapaz non lle gusta nada a representación que lle fai a súa tía.
- O rapaz practica cun monicreque que lle regalou a súa tía.

- 2 Con que materiais fabrica os monicreques a tía Natalia? Arrodea e escribe.



A tía Natalia fabrica os monicreques con

- 3 Que fan os monicreques cando a tía Natalia move os fios? Relaciona.

Camiñan e móvense

coma os mellores atletas.

Corren e saltan

coma os bailaríns máis elegantes.

Bailan seguindo a música










con graza.

- 4 Copia o que lle di o rapaz á tía Natalia.



XOGOS

- 1 Escribe e debuxa en cada columna palabras que comecen polas letras propostas.

Letra	Alimento	Animal	Cousa	Nome propio
A	 <input type="text"/>	<input type="text"/>	 <input type="text"/>	<input type="text"/>
B	<input type="text"/>	<input type="text"/>	 <i>birlos</i> <input type="text"/>	<input type="text"/>
T	 <input type="text"/>	 <input type="text"/>	 <input type="text"/>	<input type="text"/>
P	 <input type="text"/>	<input type="text"/>	 <input type="text"/>	<input type="text"/>
C	 <input type="text"/>	<input type="text"/>	 <input type="text"/>	<input type="text"/>

- 2 Debuxade unha táboa coma a anterior nun folio e dicide máis letras para escribir palabras que comecen por elas. O máis rápido, gaña!

3 Completa os pareados con nomes de xoguetes.

Peiteados, vestidos, chaquetas...
Que bonitas son as !




É moi suave e peludinho.
Como me gusta o meu !

Coa punteira e co talón,
Mateo controla o seu .



Para Susana, o tempo voa
cando xoga coa .

4 Percorre o labirinto dos xoguetes sen repetir ningún e completa.



Da boneca pasei á